



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE MAIO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dous de maio de dous mil dezoito, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 24 de abril de 2018**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez).

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- R.P.2018/14295, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, durante o ano 2018. Figura o Concello de Cambre co obxecto “mantemento persoal técnico en xestión cultural”, cun importe de subvención de 14.033,90 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 79, do 26 de abril de 2018).

- Orde do 16 de abril de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. (Diario Oficial de Galicia número 82, do 27 de abril de 2018).

- R.P.2018/14392, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico-deportivo, durante o ano 2018. Figura o Concello de Cambre co obxecto “apoio a concellos que conteñan na súa plantilla ou se comprometan a contratar persoal técnico deportivo para o desenvolvemento e xestión dos programas deportivos municipais”, cun importe de subvención de 14.240,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 81, do 30 de abril de 2018).

### 3º. Expedientes de contratación

**Único. Devolución parcial da garantía definitiva depositada en metálico pola entidade “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”, para garantir a execución do contrato de prestación do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre. Expediente : 2015/C004/000006**

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de abril de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Vistos os escritos presentados por don José María Mira Pinos, con DNI 21441655C en representación da entidade “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”, e domicilio na rúa Emilia Pardo Bazán nº 56, Urbanización Porto Avieira, 15688 Gándara (Oroso – A Coruña), rexistrados de entrada aos números 0/10978 o día 19/12/2016, nº 0/1626 o día 22/02/2017, e nº 0/9319 o día 23/10/2017, nos que solicita se lle devolva a garantía definitiva depositada en metálico, por importe de 7.848,25 euros, depositada na Tesourería municipal o día 26/06/2016 para garantir a execución do contrato de prestación do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 4 de xullo de 2017, acordou impoñer penalidades á empresa “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”, con NIF B-80028673 e domicilio na rúa Emilia Pardo Bazán nº 56- urbanización Porto Avieira, 15688 Gándara – Oroso (A Coruña), adxudataria do contrato de servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre, (expte. 2015/C004/000006) por defectuoso grao de execución e incumprimento do prazo parcial na execución da primeira fase de corte correspondente á anualidade 2016, e que “os importes das penalidades anteditas faríanse efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

pago parcial deban aboarse ao contratista, polo que serán detraídas do importe da factura nº 31/16 presentada por "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L."

Tendo en conta, tal e como resulta do informe do enxeñeiro técnico industrial municipal de data 6 de abril de 2017, que na cantidade total do importe da factura co nº 31/16 e identificadores nº 17/2016-2016/6220, presentada por IMEGA, por valor de 33.992,70 euros IVE incluído, xa se aplicou a dedución por grao de eficacia por importe de 1.626,45 euros sen IVE e 1.789,10 euros IVE incluído, cómpre deducir a cantidade restante de 1.019,77 euros IVE incluído (927,07 euros sen IVE), pola aplicación da penalidade por retraso, o cal supón un importe resultante a aboar á empresa de 32.972,91 euros IVE incluído."

Visto que, interposto recurso de reposición pola empresa contra o antedito acordo, foi desestimado por Resolución da Alcaldía nº 1743/2017 do 2 de outubro de 2017.

Visto o recurso contencioso-administrativo P.O. nº 0000014/2018 incoado pola empresa e que se tramita ante o xulgado contencioso-administrativo nº 3 da Coruña, no que recorre a desestimación do recurso de reposición interposto, así como a falta de contestación aos diversos requirimentos efectuados pola empresa para que se lle devolvese a garantía definitiva depositada.

Visto que, con data do 2 de marzo de 2018, rexistrouse no Servizo Común Rexistro e Reparto dos Xulgados da Coruña o escrito remitido polo Concello de Cambre ao xulgado contencioso-administrativo nº 3 da Coruña, ao que achegaba copia do expediente administrativo, así como documentación referente ao expediente de referencia.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal con data do 27 de outubro de 2017, no que se indica que non se formula obxección á devolución da garantía definitiva constituída, unha vez indicadas as salvedades na realización dos traballos que constan nos informes técnicos emitidos.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal con data do 22 de marzo de 2018, no que se fai constar que a garantía non está afectada ao cumprimento das penalidades impostas ao contratista, constando na contabilidade municipal, con data 5 de outubro de 2017, o aboamento da factura ao contratista co desconto de 1.019,77 euros correspondentes á aplicación da penalidade por retraso, (segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 04/07/17 ratificado por Resolución da Alcaldía do 02/10/17).

Visto que no citado informe da Intervención Municipal faise constar que se atopa pendente de abono ao Concello de Cambre, por parte do adxudicatario, a cantidade de 551,61 euros correspondentes aos gastos de publicación de anuncio da licitación no diario "El Ideal Gallego", gastos que corresponde ao adxudicatario consonte á cláusula 17 e epígrafe 11 do Anexo I (Cadro de características do contrato), do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, polo que o interventor municipal conclúe que a devolución da fianza depositada como garantía definitiva é conforme á legislación vixente, se ben do importe da fianza de 7.848,25 euros haberá que descontar o importe pendente de pagamento do anuncio de licitación, de 551,61 euros, resultando unha cantidade líquida a devolver ao contratista de 7.296,64 euros.



A teor do establecido nos arts. 99.2, 100.b) e 102 do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpöñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014), e vista a proposta da concelleira delegada da área de Servizos, de data 26 de abril actual.

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver á entidade "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L." (IMEGA), o importe líquido de 7.296,64 euros, correspondentes aos 7.848,25 euros depositados en metálico pola empresa como garantía definitiva no expediente número 2015/C004/000006, aos que cómpre detraer a suma de 551,61 euros correspondentes ao importe pendente de pagamento pola empresa do anuncio de licitación publicado na prensa, (en concreto, no diario "El Ideal Gallego" do día 22/04/2015), e que corresponde satisfacer ao adxudicatario segundo o establecido na cláusula 17 e epígrafe 11 do Anexo I (Cadro de características do contrato), do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Dar traslado dos presentes acordos aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.

**Cuarto:** Notificar o presente acordo ao xulgado contencioso-administrativo nº 3 da Coruña, no que se tramita o recurso Contencioso-Administrativo Procedemento Ordinario nº 0000014/2018, e máis á Deputación Provincial da Coruña, encargada da defensa xurídica e representación do Concello no antedito procedemento."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 20 ao 26 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 803/2018 e remata coa resolución da alcaldía número 828/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
803/2018	20/04/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 24 de abril de 2018
804/2018	20/04/2018	Solicitude subvención a través da convocatoria da Obra social; La Caixa; denominada Interculturalidade e Acción social
805/2018	20/04/2018	Aprobar a liquidación do IVE do primeiro trimestre do ano 2018, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 23517,32 euros, e o das cotas do IVE soportado por 12041,12 euros, do que resulta un saldo acredor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 11476,20 euros
806/2018	20/04/2018	Aprobación concerto musical da banda Sementeira do 21/04/2018 e o orzamento
807/2018	23/04/2018	Concesión de prazo para emenda documentación sobre A no expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Servizo de organización e desenvolvemento de obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre
808/2018	23/04/2018	Convenios de colaboración entre o Concello de Cambre e empresas para a realización de prácticas profesionais do alumnado do curso Núm.102752. "Actividades de xestión administrativa", pertencente ao Plan AFD 2017-18. da Xunta de Galicia
809/2018	23/04/2018	Solicitude documentación previa a adxudicación no procedemento negociado sen publicidade da dirección da obra incluída no POS + 2017 da excma. Deputación provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1"
810/2018	23/04/2018	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de abril de 2018
811/2018	23/04/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 4477)



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

812/2018	23/04/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DII( P 4479)
813/2018	23/04/2018	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 19.670,17 euros
814/2018	23/04/2018	Aprobar a programación e orzamento rede cultural 2018 da Deputación provincial
815/2018	23/04/2018	Expediente sancionador 2018/I001/000006 por uso de local para exercicio de actividade sen licenza municipal en local denominado Garimbas II sito en Paseo Marítimo, O Temple, Cambre. Propiedade: RPFAL
816/2018	23/04/2018	Expediente sancionador por instalación de terraza con máis mesas das permitidas fronte ao local Garimbas II sito en Paseo Marítimo, O Temple. Propiedade: RPFAL
817/2018	24/04/2018	Autorización apertura urna sinalada letra B, no panteón perimetral nº 24, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona JBL
818/2018	24/04/2018	Solicitude subvención Plan concertado exercicio 2018
819/2018	24/04/2018	Autorización condutor asalariado na licenza de taxi nº 19
820/2018	24/04/2018	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións
821/2018	24/04/2018	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 3.397,78 euros
822/2018	25/04/2018	Solicitude documentación previa a adxudicación para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e con tramitación documentalmente simplificada da realización do control de calidade externo da obra incluída no POS+2017 da Deputación Provincial da Coruña e denominada "Casa da cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1"
823/2018	26/04/2018	Solicitude de subvención en virtude da orde do 16 de marzo do 2018 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega
824/2018	26/04/2018	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida de servizo de telecomunicacións por cable á nave sita na rúa Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre. Solicitante: RCyTG, S.A.
825/2018	26/04/2018	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida de gas natural canalizado no local sito na praza de Europa, Cambre. Solicitante: NG, S.A.
826/2018	26/04/2018	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2018/V001/000029 por estado de parcela sita en Freixo, Cambre
827/2018	26/04/2018	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 639,18 euros
828/2018	26/04/2018	Pagamento nómina do mes de abril de 2018 por un importe



	bruto de 358.592.81 euros
--	---------------------------

## 5º. Informes doutros asuntos de área

### Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibiu na alcaldía, acompañado das concelleiras dona Elisa Pestonit e dona María Jesús Gómez, á directiva do CEIP Graxal e un representante da ANPA do centro.
- Asistiu á inauguración do foro cidadá promovido polo Concello da Coruña "Tecendo Litoral", que tivo lugar no Palexco.
- Mantivo unha reunión entre os alcaldes de Cambre e Culleredo para tratar varios temas que afectan a ambos municipios, como son as pontes máis a continuación do paseo fluvial do Río Valiña.
- Acudiu, acompañado de todo o equipo de goberno, a unha concentración no cruce da Rocha, para solicitar que se leven a cabo as obras necesarias para a mellora do tráfico na zona.

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 25 de abril no salón de actos da Barcala asistiu a unha representación de poesía cos nenos do Instituto Portofaro.
- O día 27, ás 20:00 horas, asistiu á manifestación no cruzamento da Rocha.
- O día 28, foi invitada ao pazo dos condes de Anceis.
- O día 29, a asociación de Altamira a Sr.Olga invitoulle a unha excursión a Pontevedra onde visitaron a catedral e a casa das aparicións, comeron no mosteiro de Poio, o cal visitaron por dentro e foron ao parque da natureza do río Barosa.
- O día 01 de maio acudiu á manifestación do 1º de maio que tivo lugar no centro da cidade.

### Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Dona Mª Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:

24/04: Consello E. Galiña Azul do Temple



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

25/04: Reunión na alcaldía coa directora, xefa de estudos e representante da APA do CEIP Graxal. Asistiu no Centro Sociocultural da Barcala á representación "Obras teatrais: Poesias emocionais", levado a cabo polo alumnado de 5º e 6º do CEIP Gonzalo Torrente Ballester, Sigrás.

27/04: Consello E. Galiña Azul da Barcala. Comisións intercentros Galiñas Azuis.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta do seguinte asunto:

- O luns día 23 desprazouse, coa técnica Beatriz Castro Pico ao Concello de Curtis para manter unha reunión co alcalde Javier Cainzo e visitar a feira do seu concello. O motivo da visita é observar o desenvolvemento dunha das feiras máis punteiras de Galicia co fin de estudar as posibles aplicacións nas feiras de Cambre, na medida das posibilidades.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Venres, día 27: "Por fin é venres". Celebración do día mundial da danza. Actividades: shuffle, afro, bachata, popping e algo de dance hall.
- Sábado, día 28: Rutas ás fragas do Eume, con actividade de paintball.
- Domingo, día 29: ruta de Santo André de Teixido.
- O luns, día 30, rematou o prazo para a inscrición na próxima ruta e para o taller de orientación laboral (coaching laboral).

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:

- Designación dos membros da Comisión de Seguemento da execución do convenio suscrito entre os Concellos de Cambre e Carral para a organización técnica da liga/copa de fútbol-sala Cambre-Carral, durante a tempada 2017-2018. Expediente: 2017/C002/000041

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**Único: Designación dos membros da Comisión de Seguemento da execución do convenio suscrito entre os Concellos de Cambre e Carral para a organización técnica da liga/ copa de fútbol-sala Cambre-Carral, durante a tempada 2017-2018. Expediente: 2017/C002/000041**





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 30 de abril de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data do 24 de xaneiro de 2018, subscribiuse entre os Concellos de Cambre e Carral o convenio de colaboración para a organización da liga/copa intermunicipal de fútbol-sala Cambre-Carral 2017/2018, segundo o acordo Plenario do Concello de Cambre de data 28 de decembro de 2017, e Decreto da Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2018 do Concello de Carral, nos que se aprobou o Texto e mailo Anexo I do convenio.

Visto que na cláusula Sexta do citado convenio establécese que *“Para o adecuado control da execución deste convenio, constituirase unha Comisión de Seguemento.*

*Esta Comisión estará presidida polo alcalde do Concello de Cambre ou concelleiro/a no/a que delegue, actuando de vocais un concelleiro do Concello de Carral, e dous técnicos nomeados por cada un dos concellos participantes”*

Visto o escrito remitido polo concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Carral, no que se designan como vogais por ese Concello ao concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Carral don Rubén Regueira Moar, así como ao técnico deportivo do Concello de Carral don Carlos Alberto Frago Parga.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 30 de abril de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Designar aos seguintes membros da Comisión de Seguemento da execución do convenio subscrito con data 24/01/2018 entre os Concellos de Cambre e Carral para a organización técnica da liga/ copa de fútbol-sala Cambre-Carral, durante a tempada 2017-2018 :

- Presidente : O concelleiro-delegado do Servizo de Deportes do Concello de Cambre don Brais Cubeiro Fernández, (por delegación do Señor Alcalde)
- Vogais:
  - o O concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Carral don Rubén Regueira Moar
  - o O técnico deportivo do Concello de Carral don Carlos Alberto Frago Parga.
  - o O animador deportivo do Concello de Cambre don Miguel Gamallo Ponte.

**Segundo:** Notificar os anteriores acordos aos integrantes da citada Comisión de Seguemento para o seu coñecemento e aos efectos previstos na cláusula sexta do Convenio asinado o 24 de xaneiro de 2018.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia